

- Ben, a min gústame voar!
 - E a min tamén! -dixo Andreia.
- Unha pequena folla verde posouse no nenúfar do medio.
- Moi ben, agora tócalle a Andreia -animounos Iris.
 - A min gústame cantar.
 - Pois a min non! Pero gústame bailar!
 - E a min tamén!
- Nos nenúfares amarelo e verde caeron sendas follas.
- E tamén me gusta nadar entre moedas de ouro! Dixo Draco.
 - Jaja... a min iso non me gusta! Non é algo que fagamos as fadas.
 - Estades a facelo moi ben! Así xa temos unha folla no nenúfar azul, polo que lle gusta soamente a Draco, e unha no amarelo, polo que lle gusta soamente a Andreia, e dúas no verde. Así xa sabedes como podedes divertirvos xuntos: voando e bailando! -Iris mostroulles aos dous como os nenúfares contiñan esas follas-. Podedes xogar a este xogo con calquera persoa, e todo o tempo que queirades, apréndese moito dos demais! Teño que irme xa, pero espero que o pasárades ben.
 - Estivo moi ben, marchamos cara a carballeira... voando! Dixo Andreia sorrindo.
- Os dous despedíronse de Iris, agradecéndolle as súas ensinanzas e emprenderon de novo o camiño.

